

A NOSA PREGARIA

O pé do Sant - yago cheguemos, no día de Galiza, todol-os fillos d' ela, no curazón o sentimento, nos beizos a pregaria. Pés descalzos, cabeza ó vento, o romeiro camiña cos ollos postos na estrela milagreira, estrela qu' alumea noite e día as vetustas pedras da cibdade - sepulcro, onde se soterrou por desíño diviño o Santo sin esporas, nin espada, nin cabalo branco.

E a veira do seu sepulcro, e ó pe da sua cadeira patriarcal, poñamos a nosa ofrenda, poñamol-o noso Ideal:

¡Sant - Yago, son galego! ¡son galego! ¡son galego!..
¡Sant - Yago, son galego!

LEUTER
